



RESOLUCIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA

12 DE MARZO DE 2019

Hoxe, en Vigo, na xuntanza da Comisión Executiva do Sindicato Nacional de CCOO en Galicia, aprobouse esta resolución que insta o conxunto da organización a se solidarizar e participar nos distintos procesos de mobilización.

O apoio á loita do cadro de persoal do estaleiro vigués Vulcano, mantendo o compromiso histórico da Sección Sindical das Comisións Obreiras no estaleiro e porfiando na reivindicación. A nosa sección sindical sempre entendeu a relevancia que ten para a economía de Vigo salvagardar, por riba de todo, a capacidade industrial instalada, que é motor de crecemento da cidade e xeradora de centos de empregos.

No pasado, CCOO en Vigo afrontamos de xeito singular a reconversión e as crises que se sucederon no naval. O obxectivo compartido polo conxunto das nosas seccións sindicais foi, é e será forxar a remuda xeracional e o mantemento de todas as capacidades produtivas. Hoxe estamos de novo comprometidos coa defensa do que durante tantos anos levan tentando destruír.

Dende CEN do Sindicato Nacional de CCOO, demandámoslle ao Goberno da Xunta o inicio, xa, de accións conxuntas na planificación dun renovado proxecto para as Factorías Vulcano, que se adxudique a unidade produtiva logo da entrega do buque á navieira Armas, co fin de garantir o mantemento da actividade naval, renovar o modelo de xestión e manter o emprego.

A segunda empresa máis grande de Vigo en volume de emprego é hoxe un *contact center* da multinacional **BOSCH**, que acaba de rescindir contratos a máis de douscentos traballadores e traballadoras con contrato temporal e de presentar unilateralmente e sen acordo un expediente temporal que suspenderá de emprego e salario por sesenta días a todo o persoal da empresa.

A tradición combativa encara hoxe novas realidades laborais que espertan a súa capacidade de acción colectiva organizada. Demostrámolo meses atrás na defensa do convenio do sector de elaborados do mar, e xa o



demonstraron tamén as traballadoras de contact o pasado 8 de Marzo, ao secundaren masivamente o folga de 24 horas que convocamos no seu sector. Un sector feminino nun 70 %, referencia en brecha de xénero, de traballo precario polo abuso na contratación a tempo parcial e con salarios que non chegan aos mil euros. Ao conflito de Bosch en Vigo súmanse outros en Galicia, coma os de **DXC Technology** na Coruña, que pasou de 400 a 60 empregadas; **Accepta Soluciones Integrales**, do **Grupo Santa Lucía**, que xa anunciou o peche dos centros da Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra, e afecta a cen traballadoras; e o conflito en **Teleperformance-Coruña** no que efectuamos paros este luns, día 11 de marzo, cun seguimento de máis do 85 %, polas prácticas antisociais da dirección, como os despedimentos disciplinarios, os abusos na contratación temporal e a tempo parcial.

É unha prioridade do conxunto das CCOO alentar e facilitar a capacidade de organización das traballadoras e traballadores nesta nova e indesexable realidade laboral, na que os efectos da reforma laboral estanse materializando nuns graves niveis de precariedade e no retroceso de dereitos das súas traballadoras.

Dende a CEN do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia esixímoslle á dirección de Bosch a retirada do ERTE e o inicio dunha negociación leal e real coas representantes das traballadoras.

Cómpre destacar que neste proceso longo de crecemento económico, aínda se resisten a transferir recursos á clase traballadora. Seguen patentes as presións da patronal para manter os efectos máis lesivos da reforma laboral, os que atacan a fonte de redistribución da riqueza, os que equilibran as relacións laborais, os convenios colectivos.

Conflitos como o do **sector de ambulancias** destapan as prácticas antisociais da Administración, cando asume o rol de contratista e dá entrada nas licitacións a empresas contrastadamente incumplidoras dos dereitos dos traballadoras/es, coa intención de desmantelar o convenio colectivo. O sector, que xa leva tres anos sen convenio, mantén nos últimos meses unha mobilización unitaria especialmente dura, na que a parte social leva feito especiais esforzos, tanto na mobilización como na negociación, e sería inxustificable que a súa patronal FEGAM non se aveña a un acordo nos próximos días.

Dende a CEN do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia apelamos ao



compromiso colectivo de facer do emprego público, así como do emprego xerado con recursos públicos, exemplos de responsabilidade social. Desenvolver en Galicia de xeito efectivo a Lei de contratación pública promovendo un acordo que estableza cláusulas sociais obrigatorias nos procesos de licitación, execución e acceso a calquera axuda de carácter público.

Nunca antes foi tal alta a porcentaxe persoas maiores nin tampouco a lonxevidade: cumprir cen anos xa non é noticia. Galicia conta actualmente con case dúas mil persoas centenarias.

Dende a CEN do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia sumámonos á iniciativa promovida pola Unión Comarcal de CCOO de Vigo e a Federación de Pensionistas de esixir de que o CIES se converta nunha residencia pública de maiores

Por todo isto, solicitamos da Administración competente na materia, a Xunta de Galicia, que adopte as decisións necesarias para que este proxecto se poida levar a cabo e esta cidade conte cun centro que será un referente no ámbito xerontolóxico

Dende o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia iniciamos un proceso de **acción para a mobilización electoral** que poña freo a calquera intento reaccionario de retroceso nos dereitos, na igualdade, nas liberdades ou no autogoberno en Galicia. Tamén esixiremos un compromiso claro e efectivo para dar resposta ás reivindicacións do sindicato, especialmente no eido da lexislación laboral, os sistemas de protección social e o sistema o público de pensións.

Comisión Executiva Nacional de CCOO de Galicia

12 de marzo de 2019